

Informe de Acción de coordinación

*Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social
Curso 2022/2023*

Índice

<i>I INFORMACIÓN XERAL.....</i>	<i>2</i>
<i>II COORDINADORES/AS.....</i>	<i>2</i>
<i>III ACCIÓNS DE COORDINACIÓN.....</i>	<i>2</i>
<i>IV CONCLUSIONES.....</i>	<i>6</i>
<i>V. ANEXOS.....</i>	<i>6</i>

I INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	Máster Universitario en Menores <i>en situación de desprotección e conflito social</i> .
Centro/s onde se imparte o título	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
No caso de títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade/é participante/s	
Curso de implantación	2009/2010

II COORDINADORES/AS

Coordinador/a de o Título	Coordinadora: Elena Martínez Hens ata o 20 de decembro de 2022/Teresa Estévez Abeleira desde 20 decembro de 2022. Secretaria: Teresa Estévez Abeleira ata o 20 de decembro de 2022/Helena Martínez Hens desde o 20 de decembro de 2022 ata o 16 de marzo de 2023/ Marta García Mosquera desde o 16 de marzo de 2023.
Coordinadores/as de Curso (se procede)	

III ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

As accións de coordinación que se levan a cabo no contexto do Máster en Menores *en situación de desprotección e conflito social* son esencialmente de tres tipos:

- Coordinación no marco da Comisión Académica do Máster.
- Coordinación entre a coordinación do Máster e os coordinadores de materia.
- Coordinación entre os coordinadores de cada materia e o profesorado da mesma.

1.- Reunións de coordinación no marco da Comisión Académica do Máster.

Para a coordinación académica do Máster durante o curso académico 2021/2022 realizáronse un total de 6 reunións ordinarias da Comisión Académica do Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social, nas datas que se sinalan a continuación:

a.- **27/10/2022.** Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 1 de xullo de 2022.
- Aprobar o orzamento do Máster en Menores para o exercicio 2023.
- Aprobar a asignación de títulos de TFM aos/as alumnos/as do presente curso académico.
- Aprobar a composición dos tribunais e datas de defensa do TFM no curso 2022/2023.

b.- **22/11/2022.** Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2022.
- Aprobar o cambio de título e titora solicitado pola alumna Albela Caniño Villar, para realizar o TFM baixo o título “Análise da Convención sobre os Dereitos do Neno” ofertado pola Prof.^a Dr.^a Belén Sánchez Ramos.
- Aprobar o nomeamento de Teresa Estévez Abeleira como coordinadora do título e de Helena Martínez Hens como secretaria do mesmo.

c.- **16/03/2023.** Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 22 de novembro de 2022.
- Aprobar a defensa de TFM na convocatoria adiantada a xaneiro de 2023 pola alumna Paula Reiriz Otero. Título do TFM: “Os nenos e os conflitos armados”. Titora: Prof.^a Dr.^a Belén Sánchez Ramos. Día da defensa: 24 de xaneiro de 2023.
- Aprobar o cambio de título de TFM solicitado pola alumna Leticia Vila Pousada, para realizar o TFM baixo o título “A protección pública dos menores en situación de risco na Comunidade Autónoma de Galicia. Análise da situación dos menores con dano cerebral adquirido e proposta de mellora”, en substitución do título asignado “A protección pública dos menores en situación de risco na Comunidade Autónoma de Galicia” ofertado pola Prof.^a Dr.^a M^a Antonia Arias Martínez.
- Aprobar un cambio na normativa para a elaboración do Traballo Fin de Máster en Menores en situación de desprotección e conflito social.
- Aprobar o nomeamento de Marta García Mosquera como secretaria académica do Máster en Menores.
- Aprobar o límite de prazas a ofertar polo Máster en Menores para o curso 2023-2024.
- Aprobar a repartición da bolsa de recoñecementos de Máster.
- Aprobar a PDA do Máster en Menores para o curso 2023-2024.

d.- **26/04/2023**. Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2023.
- Aprobar o nomeamento da profesora Laura Carballo Piñeiro como coordinadora da materia “Adopción nacional e internacional de menores”, en substitución de Miguel Ángel Michinel Álvarez.
- Aprobar o nomeamento de Xosé Manuel Pacho Blanco como titor do Plan de Acción Titorial (PAT) do Máster en Menores para o curso 2023/2024.
- Aprobar o POD do Máster en Menores do curso 2023/2024.

e.- **02/06/2023**. Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron os seguintes:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 26 de abril de 2023.
- Aprobar cambios non POD do título do curso 2023/2024 nas materias “Adopción nacional e internacional”, “Procedementos civís de protección de menores. Xurisdición voluntaria e contenciosa” e “Intervención socioeducativa con menores en situación de risco, desprotección e conflito social”.
- Aprobar os criterios de selección de alumnado do Máster para o curso 2023/2024, e a delegación na Coordinadora e Secretaria para efectuar a selección consonte estes criterios.
- Aprobar os cambios/matizacións dos títulos de TFM dos alumnos e alumnas que formalizaron o depósito para a defensa na convocatoria de xuño 2023.
- Aprobar a defensa pública dos TFM na convocatoria de xuño 2023.

f.- **29/06/2023**. Os obxectivos principais desta reunión ordinaria foron os seguintes:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 2 de xuño de 2023.
- Aprobar os cambios/matizacións dos títulos de TFM dos alumnos e alumnas que formalizaron o depósito para a defensa na convocatoria de xullo 2023.
- Aprobar a defensa pública dos TFM na convocatoria de xullo 2023.
- Aprobar as guías docentes das materias do Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social para o curso 2023/2024.
- Aprobar cambios no POD do Máster en Menores do curso 2023/2024.
- Aprobar a programación docente do Máster en Menores en Situación de Desprotección e Conflito Social para o curso 2023/2024.
- Aprobar as datas das probas de avaliación das materias do Máster na primeira e segunda oportunidade do curso 2023/2024.
- Aprobar as datas de reunión do titor do Plan de Acción Titorial (PAT) co alumnado.
- Aprobar os tribunais colexiados e as datas de depósito e defensa dos TFM durante o curso 2023/2024.
- Aprobar a celebración dun acto de gradación do curso 2022/2023 e inauguración do curso 2023/2024.

2.- Coordinación entre a coordinación do Máster e os coordinadores e/ou profesores de materia.

Ao longo do curso académico mantense unha constante e fluída comunicación entre a coordinación do Máster e os/as coordinadores/as e/ou profesores/as das materias para os efectos de dar cumprimento ou preparar os acordos que se adoptan na CAM.

- Así, por exemplo, trátanse cos coordinadores de materia todas as cuestións referidas á elaboración das guías docentes, especialmente, a efectos de unificar criterios de avaliación entre as distintas materias. A tal fin, tivo lugar unha reunión o día 15 de maio de 2023. Así mesmo, as incidencias que expoñen os/as alumnos/as, fundamentalmente referidas á súa falta de asistencia puntual ou reiterada ás clases presenciais, ao obxecto de concretar a solución individual que haxa de darse a cada alumno/a, sempre acordada co/a profesor/a do día.
- E trátanse directamente con todos os profesores das materias cuestións relativas á programación das actividades docentes, en particular, das sesións presenciais do Máster; elaboración do POD do Máster; proposta de temas para o TFM; asignación de alumnos para a dirección de TFM; conformación dos tribunais de TFM; posibles incidencias que poñan de relevo os alumnos no desenvolvemento dalgunha materia; mellora no seguimento na elaboración dos TFM.

Neste sentido, durante o curso 2022/2023 non houbo incidencia algunha destacable en canto ao desenvolvemento das actividades académicas. Unicamente cabería referirse á queixa remitida pola vicedecana de calidade do Centro, na que un alumno preguntaba as razón polas que, a día 21 de febreiro de 2023, tras pecharse as actas o día 17 do mesmo mes, aínda non dispoñía da cualificación da materia "Medidas de Protección do Menor en Situación de Risco e Desamparo". A iso engadía non entender os criterios de cualificación das materias "Marco normativo da protección do menor" e "Adopción nacional e internacional de menores". No prazo estipulado deuse cumprida resposta por parte da coordinadora da titulación.

3.- Coordinación entre o coordinador de cada materia e o profesorado da mesma.

Ao longo do curso tamén se mantén unha comunicación regular entre o/a coordinador/a de cada materia e o profesorado da mesma. Esta coordinación ten por obxecto, fundamentalmente, organizar a distribución de contidos das materias, planificar as actividades docentes e de avaliación que propón cada profesor aos alumnos e unificar os criterios de avaliación entre o profesorado que imparte cada materia. Todo iso queda debidamente reflectido nas guías docentes, que son aprobadas pola CAM e pola Xunta de Facultade.

4.- Outras accións de coordinación desenvolvidas.

No marco do Máster en Menores *en situación de desprotección e conflito social* tamén se aplica, nos seus aspectos esenciais, o Plan de Acción Titorial aprobado pola Xunta de Facultade para todas as titulacións que se imparten na mesma, sendo asumida a titoría dos alumnos do Máster a efectos do PAT pola Secretaria do Máster, a profesora Teresa Estévez Abeleira.

Celebráronse dúas reunións colectivas, os días 6 de outubro de 2022 e 2 de febreiro de 2023 cos/as alumnos/as do Máster. Ademais, houbo unha comunicación constante e fluída entre a titora e os/as alumnos/as, tanto por correo electrónico como presencial, a fin de tratar cuestións puntuais e individuais que xurdiron durante o curso.

IV CONCLUSIÓN

As accións de coordinación expostas repítense en termos similares curso tras curso desde a implantación do Máster no curso 2009/2010 e entendemos que resultan adecuadas e suficientes para garantir un adecuado desenvolvemento das actividades académicas do Máster.

Mostra diso é que a maioría dos/as alumnos/as matriculados/as superan todas as materias do Máster no curso académico correspondente, e aqueles que non o conseguen é porque, por motivos esencialmente laborais, non poden terminar a elaboración do seu TFM para a súa exposición nas convocatorias de xuño ou xullo; e adóitanos expoñer na seguinte convocatoria adiantada de xaneiro.

É certo, con todo, que algúns alumnos que no seu momento cursaron o Máster e non expuxeron o TFM, tras matricularse de novo no curso seguinte ou mesmo nos dous seguintes, terminaron por abandonalo. Con todo, segundo indicánnos os titores de TFM que tiñan asignados, tras o primeiro ano, perderon todo contacto con estes alumnos, nalgún caso porque se foron a vivir fóra de Galicia por motivos laborais, polo que foi imposible facerlles ningún tipo de seguimento ou titorización. Outros alumnos, en cambio, matricúlense de novo na materia TFM pasados algúns anos e solicitan un cambio de título e titor/a, alegando ter intereses diferentes aos do momento en que cursaron os 48 créditos ECTS restantes, normalmente porque un novo título axústase máis aos seus labores profesionais do momento.

V. ANEXOS

A información facilitada no presente informe de coordinación pode acreditarse a través da seguinte documentación:

1. Email aos/as profesores/as do Máster en relación coa PDA para o seguinte curso académico.
2. Email aos/as profesores/as do Máster en relación co POD para o seguinte curso académico.
- 3.- Email aos/as coordinadores/as sobre a elaboración das guías docentes para o seguinte curso académico.
4. Email aos/as profesores/as en relación coa proposta de programación docente para o seguinte curso académico.
5. Email aos/as profesores/as e aos/as alumnos/as informándolles da celebración dun acto de gradación da promoción.
6. Email aos/as alumnos/as informándolles do comezo do curso académico.
7. Email aos/as profesores/as solicitándolles que propongan dous títulos de TFM a ofertar aos/as alumno/as.
8. Email aos/as alumnos/as comunicándolles os TFM propostos polos profesores/as para que elixan os do seu interese.
9. Email aos/as alumnos/as comunicándolles a asignación de títulos de TFM, así como as datas de depósito e defensa e Tribunais de TFM.
10. Email aos/as alumnos/as informándolles da convocatoria adiantada a xaneiro do presente curso académico de defensa dos TFM.
- 11.- Email aos/as profesores/as sobre a planificación do depósito e defensa de TFM nas convocatorias de xuño e xullo do presente curso académico.
- 12.- Email aos/as alumnos/as sobre a planificación do depósito e defensa de TFM nas convocatorias de xuño e xullo do presente curso académico.
- 13.- Email aos/as profesores/as sobre novidades na defensa do TFM nas convocatorias de xuño e xullo do presente curso académico.

14.- Email aos/as alumnos/as sobre as defensa dos TFM nas convocatorias de xuño e xullo do presente curso académico.

15. Email aos/as alumnos/as informándolles de prácticas en diferentes organismos e institucións nacionais e estranxeiras.

16. Email aos/as alumnos/as informándolles de diferentes Cursos/Congresos/Seminarios sobre as materias do título que poden ser do seu interese.

Data: 28 de novembro de 2023

Coordinadora do Título: Teresa Estévez Abeleira

Secretaria académica do Título: Marta García Mosquera